



*lanzadéras*

**tema 8: marca persoal**

**módulo 31**

*cambios*





tema 8: marca persoal

módulo 31

semana 8 | día 3

lanzadebras



lánzate á aventura de emprender

índice do módulo

### ÍNDICE TEMÁTICO

semana 1 | identidade

semana 2 | persoas

semana 3 | habilidades

semana 4 | estratexia

semana 5 | mercadotecnia

semana 6 | creatividade

semana 7 | xestión

semana 8 | marca persoal

semana 9 | comunicación

### ÍNDICE MODULAR

módulo 29 | melloras

módulo 30 | necesidades

módulo 31 | cambios

módulo 32 | diferenzas

### ÍNDICE DO MÓDULO

resumo teórico | páxina 04

exemplo | páxina 08

videotutorial | páxina 09

GramolaEmprendedora



Escoita  
Work

Rihanna&Drake



NO CAMIÑO DO EMPREDEMENTO, VOSTEDE ESTÁ AQUÍ

03





tema 8: marca persoal

módulo 31

semana 8 | día 3

lanzadebras



o imprescindible para lanzarse á piscina

resumo

Capacidade, habilidades e intereses. As tres grandes potencias dunha marca persoal. Porque, como aspiras a progresar sen converter as carencias en capacidades, sen espremer as habilidades e sen optimizar os teus desexos e intereses? Cambios! Velaquí a cuestión. A gran pregunta é: que quero, que debo e que podoo cambiar? E é incontestable sen antes dar resposta a outra batería de preguntas: Quen son? En que son único? Que persigo na vida? Que me proponho para o próximo trimestre/semestre/curso/ano? A quen lle importo? Quen reconece o meu esforzo e o meu traballo? E a pregunta de todas as preguntas; a dubida nai, a que te sitúa fronte ao espello para facerche a máis severa das análises de conciencia: Confiarías en alguén coma ti? De poder escoller, seleccionaríaste a ti mesmo para o desenvolvemento dese traballo? Sorprenderíate comprobar cantos, con sinceridade, contestan negativamente a esta pregunta.

Fai un DAFO! Compara as túas fortalezas coas túas debilidades e enfronta ameazas con oportunidades persoais para acabar por intuír toda a túa potencia. Indaga e pescuda que pensan os outros da túa imaxe; como de importante es para as súas vidas; que grao de apoio te dispensan ou lles dispensarían ás túas ideas; ata onde te seguirían e, sobre todo, e en atención a todo, que debes cambiar para mellorar todo o anterior.

Estás disposto a facelo? En gran parte depende de ti. Como lle dixo Steve Jobs a Sculley





tema 8: marca persoal

módulo 31

semana 8 | día 3

lanzadebras



o imprescindible para lanzarse á piscina

resumo

cando quixo que deixase Pepsi para fichar por Apple: “Queres seguir o resto da túa vida vendendo auga azucrada ou vés comigo a cambiar o mundo?” Esa é a actitude! Nós chamámoslle “efecto camaleón” e descríbese así...

Cambia a túa perspectiva, cambia a túa visión, cambia as túas aspiracións, cambia a túa personalidade, cambia a túa imaxe, cambia as túas singularidades, cambia as túas relacións e cambia a túa vida. Se substitúes a palabra cambia pola palabra mellora xa verás como todo che parece moito menos drástico. Pero non te conformes só con iso. Transforma as túas debilidades en fortalezas, converte as ameazas en oportunidades, reforza todas as túas bondades e espreme ao máximo as oportunidades que se che presentan. Con este verniz de cor non deixarás de ser quen es, pero conseguirás facerte moito máis visible e lustroso a ollos dos demais.



tema 8: marca persoal

módulo 31

semana 8 | día 5

# lanzadebras

aprender do que outros fixeron con mestría

## exemplo




### “ALAN POR EL MUNDO”

O creador de “Alan por el mundo”, unha das canles máis populares de YouTube sobre recomendacións económicas para viaxes, é o exemplo que escollemos para mostrar o valor de ter clara a nosa praza e o custo co que debemos publicitar o noso produto.

Este blogueiro creou unha marca, decidiu que quería dedicarse a viaxar e fundou unha empresa. Así puido investir en mellorar a calidade e o contido dos seus vídeos.

O seu éxito atribúese a que non fai recensións dos lugares aos que viaxa, senón que describe o que ve. Ten case 500.000 seguidores nas redes sociais.



a hemeroteca de Paula





tema 8: marca persoal

módulo 31

semana 8 | día 3

# lanzadebras

fotogramas que valen máis que mil verbas

## videotutorial

### LOVELY PEPA

<https://www.youtube.com/watch?v=XmFLbxU3w5w>



a videoteca de Alba

Alexandra Pereira é máis coñecida no mundo das blogueiras como Lovely Pepa. Neste vídeo da súa canle de Youtube a moza viguesa móstranos a súa nova oficina de Madrid.

Chamamos praza ás canles de distribución dos produtos, é dicir, á maneira pola cal unha empresa fai chegar o seu produto ata o cliente. Os medios que utiliza Alexandra, as redes sociais, son moi accesibles para o seu target. Nelas fíxose famosa vendendo a súa marca persoal.

